



NOVELA

«O neno do pixama a raías»

John Boyne. Tradución: Daniel Saavedra. Faktoría K de libros. 190 páxinas. 13 euros. **

Cada certo tempo aparecen libros como *O neno do pixama a raías*. Autor con experiencia, pero descoñecido; un tema histórico abordado dende un novo punto de vista, entre o sentimental e a crítica; e que se converte nun fenómeno de vendas que se traduce case de inmediato a un bo feixe de linguas... entre as que se inclúe o galego. Faktoría K vén de publicar o libro do irlandés John Boyne (Dublín, 1971), no que enfoca o tema do Holocausto dende a amizade que nun campo de concentración establecen dous nenos: un é fillo do comandante nazi, o outro, dun prisioneiro xudeu. É un valado, un aramado, o que separa a ambos os dous protagonistas dun relato que se enriquece cunha curta pero efectiva galería de secundarios.

O neno do pixama a raías é un deses libros que quizais leven a etiqueta de literatura xuvenil, pero que os adultos tamén poden ler. Haberá quen atope sensíbelo o libro e mesmo sexan conscientes da astucia narrativa coa que o autor arrima o lector ao que lle interesa, pero son habilidades propias do xénero, como o suspense ou a comedia ten as súas. Neste caso están ben logradas.

X. Fraga

O «TOP» GALEGO



1. Cardume

Rexina Veiga. Xerais.

2. A esmorga

Eduardo Blanco Amor. Galaxia.

3. A toupiña que quería saber...

Holzwarth y Erlbruch. Kalandraka

4. O principio

A. de Saint-Exupéry. Galaxia

Librarias consultadas: El Corte Inglés, Couceiro (Santiago), Trama (Lugo), Central Librería (c/ Dolores, Ferrol) e Torga (Ourense).

LET RAS EN GALEGO

URBANO LUGRÍS NO SEU CENTENARIO

ANTÓN PATIÑO PUBLICA UN SALIENTABLE TRABALLO, ENTRE A BIOGRAFÍA E O ENSAIO, QUE RECONSTRÚE A FIGURA DO PINTOR


Neste mesmo mes de xaneiro o pintor Urbano LUGRÍS cumprirá 100 anos e o certo é que nunca se escudou tanto nos ámbitos biográficos e artísticos do pintor como nos últimos tempos. A novela *O señor LUGRÍS e a negra sombra* de Luís Rei, un vindeiro libro que compilará a súa poesía e este que nos ocupa, *Urbano LUGRÍS. Viaxe ao corazón do océano*, así o testemuñan.

É o pintor, poeta e ensaísta Antón Patiño, quen xa comisariara unha exposición dedicada a LUGRÍS hai algún tempo, o que nesta ocasión deixa arrombada por un tempo a paleta e o pincel e nos regala cun espléndido libro. Un volume de difícil clasificación talvez a medio camiño entre o ensaio de filiación pictórica e interpretativa, con brillantes pasaxes por certo, a biografía e, mesmo, a interpretación literaria; alén disso incorpora un abondoso e rico material fotográfico, iconográfico e documental, entre o que se inclúen cartas, relatos ou poemas por vez primeira compilados.

Neste traballo, organizado a través dunha estrutura de carácter acumulativa, coma se fose un quebracabezas que vai adquirindo progresivamente sentido, cada lector atopará as súas propias páxinas nas que deixarse levar polo feito e atracción que o universo LUGRÍS suscita en Patiño. A longa peregrinaxe deste último durante moitos anos polas pegadas vitais e artísticas de LUGRÍS explica á perfección a redondez deste documentado ensaio no que achamos desde as causas últimas da fascinación hipnótica arredor do mundo mariño, pasando pola melancolía como pouso que percorre as imaxes na súa ollada até a inspiración mitolóxica do seu quefacer pictórico, dando a coñecer datos ben pouco



«Sirena alada», de Urbano LUGRÍS



BIOGRAFÍA-ENSAIO

«Urbano LUGRÍS. Viaxe ao corazón do océano»

Antón Patiño, Edicións do Castro, 300 páxinas. ***

coñecidos como a responsabilidade que adquiriu na construción da ermida dos Santos Reis en Bueu, o protagonismo que Eduardo Galea fai recaer nel para construír un magnífico relato ou esa colección de retallos de prensa de La Voz de Galicia que sempre conservou e na que se recollían as opinións de

Neste traballo cada lector atopará as súas propias páxinas nas que deixarse levar polo feito e atracción que o universo LUGRÍS suscita en Patiño

diversos intelectuais sobre Rosalía de Castro.

Tamén se recalca en singraduras do ámbito máis íntimo como o que foron os desafectos e, xaora, as complicidades afectivas co seu padriño Francisco Tettamancy ou con Cunqueiro, Avilés de Taramancos, A. González Pascual, Mariano Tudela, Castroviejo, Antón Patiño Regueira (o pai do autor do ensaio e lembrado libreiro vigués), González Garcés..., sen esquecer a súa experiencia no teatro dos monicreques nas Misiones Pedagógicas, as conxecturas verbo das súas vivencias na guerra, os fértils anos viveses na década dos corenta, mais tamén a vizo-sidade dun o amplo anecdótico que protagonizou e que, porén, non oculta o máis relevante da achega: reconstruír o perfil artístico, e tamén vital, dun personaxe probablemente irrepetible, dono dun universo artístico único re-xido por esa ollada oceánica, con naufraxios e historias lendarias, que cómpre difundir. Velaquí o mapa desa intensa e única personalidade.

Ramón Nicolás

VERSOS NO CAMIÑO

Paso a paso, verso a verso. Podería lembrar aos clásicos galegos, como Otero ou Murguía, que escribían camiñando e anotando co seu caderno de notas, ou os versos de Machado: «Caminante, son tus huellas / el camino, nada más. / Caminante, no hay camino, / se hace camino al andar...». Pero esta vez xa hai camiño, unha senda secular feita, como escribiu un autor francés, polas pegadas de millóns de pasos que van cara a Compostela. Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadín-Irixe, Ourense, 1951) volve á escrita do Camiño, un traballo agora anovado, outro xeito de andar pola vella ruta xacobea amosando o que o poeta bautiza como o ADN de Galicia: os topónimos. E é que cada páxina leva nomes que son como os miliarios de pedra que os peregrinos van facendo na veira do camiño, lugares, aldeas e vilas con topónimos tan sonoros como

Recesende, Soutomerille, Bacurín, Panicol ou Portodebois.

O poeta peregrino fía unha lírica intimista, versos nados das conversas coa soidade, coas sombras, cos días imposibles, co nunca ou co vento do norte, todos eles nomes propios, inmateriais poboadores do camiño. Ao longo das páxinas, moi ben ilustradas polas fotografías de Ricardo Polín, aparecen un feixe de fermosas expresións que asinarían moitos peregrinos como froito da súa experiencia. Noutras ocasións os versos de Sánchez Iglesias, que levan como subtítulo *O rumor do distante*, pintan paisaxes, visibles e invisibles, como é o de Moreira: «Subindo unha corredeira, o silencio é a eternidade, o presente téndese sobre a neve, as palabras envellécenno con tempo, permítenlle ter alma de domingo luminoso». Pero a lírica non ten hora e en Lebreiro «a mañá rompe na



POESÍA

«A escrita do Camiño Primitivo»

Cesáreo Sánchez Iglesias. A Nosa Terra. 92 páxinas. 18 euros. ***

súa luz e asombro. Somos o que fomos nas desgastadas lousas da calzada romana. O tempo sábeme a amendoa amargue...». Estes son versos e pasos do camiño primitivo, pero haberá outros versos para os outros camiños, promete o poeta.

Rodri García

CUALIFICACIÓN
*** MOI BO

** BO

* CORRECTO

● MELLORABLE